



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O CONCELLO DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN A DISCAPACITADOS NO CONCELLO DE OURENSE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta Consellería ten pensado formalizar co concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia en tanto en canto subsistan as circunstancias que motivaron a súa sinatura, podendo demandar ambas partes as obrigas ás que ambas se comprometeron. En todo caso, o convenio terá unha duración de 4 anos, prorrogable por outros catro.

Que dito instrumento convencional ten por obxecto enmarcar e coordinar as actuacións necesarias para conseguir a integración real e efectiva dos colectivos con discapacidade física, psíquica e sensorial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Ambas institucións consideran positivamente que, a realización dunha actuación dirixida a asistencia e inserción de persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial redunda no benestar da Comunidade autónoma galega e máis concretamente na supresión de barreiras arquitectónicas da cidadanía do Concello de Ourense.

Sobre a base do exposto con anterioridade ábrese un amplo espectro de posibilidades de colaboración. Na consecución do obxectivos cómpre a dotación de equipamentos idóneos destinados á persoas con discapacidade no Concello de Ourense. Nesta liña





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Secretaría Xeral Técnica

estiveron a traballar no último ano a Consellería e o Concello, chegando a conclusión de que a actuación máis idónea para acadar os obxectivos previstos no presente convenio pasa pola “Construción dun Centro para atención a persoas con discapacidade no Concello de Ourense”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E, para que conste, asíñase esta memoria, na data de sinatura dixital.

O secretario xeral técnico da Consellería de política social

Francisco Javier Abad Pardo.

